

PABLO SANMAMED. ZUGUNRUHE. INQUIETUDE MIGRATÓRIA(VINILO)



PABLO SANMAMED

SINOPSE

Compositor, contrabaixista, director musical e produtor, Pablo Sanmamed é, ante todo, un artista cunha interpretación conmovedora capaz de irradiar unha beleza reflexiva, alguén que creou un mundo sonoro rico e propio. Un son que se funda na

herdanza do jazz de autor, a world music, a música contemporánea e a cinematográfica. Sanmamed, que pasa por un período especialmente fértil de escritura, gravacións e recoñecemento, presenta neste 2023 o seu terceiro álbum de estudo baixo o título de

Zugunruhe: un comportamento ansioso que se dá nos animais migratorios aos que se lles impide migrar, especialmente nas aves.

Este concepto motiva parte das composicións deste disco, como tamén o fai o seu antónimo, a quietude, ou a ausencia desa necesidade de movemento. Sorprende a incorporación do óboe e o corno inglés do reputado Benxamín Otero ao seu habitual trío de

Jazz, conformado por Iago Mourinho ao piano e Bruno Couceiro á batería, para dar forma a un cuarteto que forxa un son comunitario inmersivo. Zugunruhe, un LP de nove pistas editado por aCentral Folque en vinilo, conta cunha coiadísima factura que integra un

álbum fotográfico realizado por Eutropio Fernández e textos de Susana S. Arins....



Editora	ACENTRAL FOLQUE
Materia	MUSICA
Colección	VINILOS
EAN	8435725600501
Estado	Disponible
Encadernación	Otros
Tamaño	315x315x6 mm.
Peso	400
Prezo (Imp.inc.)	25,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	16/06/2023


Títulos relacionados



A ESTRELA MOSTRADA (PABLO SANMAMED)
PABLO SANMAMED



BEN VENNAS MAIO PABLO SANMAMED
PABLO SANMAMED



BRÚA(VINILO)
BRÚA